

## ACTA DE REUNIÓN DA COMISIÓN DE POLÍTICA DE EMPREGO

### ASISTENTES

#### UNIVERSIDADE DE VIGO

Manuel Fernández Jauregui, Xerente (excusa a inasistencia)

Emilio M. Martínez Rivas, Vicexerente de Recursos Humanos (substitúeo como Presidente)  
José Manuel Fernández Viña, Xefe do Servizo de PAS

Margarita González Hernández, Xefa da Sección de Emprego e Programas (Secretaría)

#### COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE

Luis Pérez Gómez (CIG)

#### COMITÉ DE EMPRESA DE PONTEVEDRA

Manuel Marcos García (CCOO, non asiste)  
Ángel Torreiro Varela (UXT)

#### XUNTA DE PAS FUNCIONARIO

María Fariza Novoa (CCOO)  
José Santiago Santos García (UXT, non asiste)  
Xoan Cebro Rodríguez (CIG, non asiste)

Acta da reunión celebrada ás 13.15 horas do día 23 de febreiro de 2012, na sala de xuntas nº 1 do Edificio Xerencia coa asistencia das persoas que se citan á marxe e de acordo coa seguinte

#### ORDE DO DÍA:

1. Lectura e aprobación da acta do 14 de decembro de 2011
2. Información sobre convocatoria de prazas con cargo a proxectos institucionais.
3. Informe das contratacións realizadas dende a última reunión ata a actualidade..
4. Rogos e preguntas

Na orde do día enviada aos membros desta comisión omitiuse como punto 3º “Informe das contratacións realizadas dende a última reunión ata a actualidade”, circunstancia da que se informou aos asistentes mediante correo electrónico o mércores 22 de febreiro achegándolles copia do informe.

### 1. APROBACIÓN DA ACTA DO 14 DE DECEMBRO DE 2011.

Apróbbase a acta por unanimidade.

### 2. INFORMACIÓN SOBRE CONVOCATORIA DE PRAZAS CON CARGO A PROXECTOS INSTITUCIONAIS.

O Vicexerente de Recursos Humanos informa aos membros da comisión que actualmente se está traballando na elaboración das convocatorias de 3 prazas para o

Campus do Mar, que terán unha marcada orientación comercial, perfil novidoso que se reflectirá en distintos aspectos da convocatoria: incluírá unha entrevista persoal, a comisión de selección estará composta por cinco membros, un representante de cada universidade de Galicia, outro do CSIC e outro investigador do Instituto Español de Oceanografía, todos relacionadas coas OTRIS. Tamén se introducen cambios na retribución, xa que constará dunha parte fixa e outra variable en función de obxectivos. Unha vez elaboradas, remitíranse as convocatorias aos membros desta comisión para o seu coñecemento.

Os representantes dos Comités de Empresa manifestan o rexeitamento a estas convocatorias e a falta de interese en recibilas.

### **3. INFORME DAS CONTRATACIÓNS REALIZADAS DENDE A ÚLTIMA REUNIÓN ATA A ACTUALIDADE.**

María Fariza pregunta por un contrato de substitución dunha redución de xornada dunha traballadora TEB e se o persoal de apoio aos POPs nos Centros Tecnolóxicos están por riba da dotación xa existente.

O Xefe do Servizo de PAS informa que o contrato de substitución se realizou a pedimento da Biblioteca Universitaria derivado da redución de xornada de dúas traballadoras con quenda de tarde, unha de xeito continuado e outra discontinuo.

En canto á outra consulta Margarita González indica que a persoa anteriormente nomeada nese posto de apoio aos POPS superou o proceso selectivo de acceso á Escala Auxiliar Administrativa, polo que o posto quedou vacante e se procedeu á súa cobertura previa petición da Administradora dos Centros Tecnolóxicos.

Luis Pérez pregunta polo contrato de substitución de dona Carolina Estefanía López Silva, Técnica Especialista de Análise Instrumental do CACTI, Margarita González indícalle que esa persoa ten concedidas funcións de categoría superior na categoría de Técnica Superior de Calidade Alimentaria e Desenvolvemento Sostible, xa que está na lista de agarda de dita categoría e esta comisión en sesión do 14 de decembro de 2012 decidiu que se utilizase a mesma para cubrir as necesidades solicitadas pola dirección do CACTI para a cobertura dunha praza fóra de RPT coa denominación de Técnico Superior de Análise Instrumental, Calidade Alimentaria e Desenvolvemento Sostible.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 13.26 horas, da que como Secretaria redacto esta acta.